MONCHO, SEMPRE, SEMPRE

Ramón Muñiz de las Cuevas

Se hai alguen na história de Galiza que sufrira todo tipo de vexacións, humillacións e abusos foron os nosos labregos. Emigración dos fillos, expropriación de terras, usurpación de montes, destrucción de vivendas, expoliación de recursos, desestructuración, en definitiva, de todo un sistema de vida necesário para un desenvolvimento harmónico e integrado no noso pais.

Pese a todo, os labregos opuxeron resisténcia aos embates e fixeron posíbel que, dentro do mau, as terras continuaron xerminando, as águas regando os campos e as vacas producindo cada vez mais leite.

Nesto influiron várias causas ás que non foi allea a teima dos próprios paisanos e doutras persoas identificadas cos mesmos. Entre estas, destacou un home que fixo da defensa do campesiñado e do seu meio a razón da sua existéncia.

Este home foi Moncho Valcarce. Místico guerreiro ou guerreiro místico que consciente, en canto crego, do que o seu estatus significaba no mundo rural, asumiu a responsabilidade de protagonizar, nun sentido exemplarizante e pedagóxico, unha loita desigual en favor dos débeis sabendo, tamén, que ese era o seu deber en canto home.

En Moncho dou-se unha total simbiose entre as suas créncias relixiosas e as suas ideas revolucionárias. Para el, Cristo non era nada abstracto senon que estaba representado no oprimido, xá fose un home, unha muller ou unha pátria.

Por eso Moncho amaba profundamente a Galiza.

Por eso Moncho, no franquismo, non miraba a cor de ninguen para axudá-lo. Nos seus baixos da casa rectoral de Sésamo gardaba multicopistas, panfletos e mil cousas de organizacións comunistas, permitia reunións políticas da oposición e daba-lle cobillo, cando o necesitaba, a Moncho Reboiras, máximo dirixente da frente militar da UPG.

As Encrobas, Baldaio, As Enchousas, son alguns dos lugares emblemáticos nos que Moncho participou activamente suportando golpes, detencións, incomprensións do "establishment" eclesiástico, e rexeitamento da clase social á que por orixe pertencia.

Porque Moncho nacido na urbe de A Coruña no seo dunha família acomodada decidiu un dia deixar as posibilidades dun porvir mol e instalar-se nunha parróquia rural para xuntar a sua vida á do pobo chan.

Coñecedor dos dous mundos optou por un deles, o mais vulnerábel. Pero tamen, o mais rico en sentimentos, o mais auténtico na amizade, o mais solidário nos infortúnios e incluso o mais comprensivo nas debilidades.

Moncho, cunha bagaxe cultural e intelectual pouco común,

empedernido lector, bibliófilo, licenciado en dereito, filósofo inédito, vários cursos de teoloxia na Universidade Gregoriana de Roma e home cun interior abrumado por reflexións transcendentais, non daba esa sensación cara ao exterior.

Campechano, aberto, ocurrente, pouco amigo de discursos e debates teóricos. As estratéxias e as tácticas deixaba-as para outros mentres que el se quedaba coa acción, nun meio no que as cousas estaban tan clasras que pouco habia que discutir.

Nas Encrobas trataba-se de cambiar terras, gando, património e vida dun pobo pola explotación dunha mina de lignitos que alimentaria á Central Térmica que alí se instalaria durante 25 anos. Unha indústria supérflua para unha Galiza á que lle sobraba enerxia eléctrica.

En Baldaio usurpaba-se e destruia-se, pola saca de area, a rica marisma pertencente ás parróquias que a rodean, que producia un entorno natural de induvidábel valor ecolóxico á vez que daba abundantes espécies de marisco e peixes que penetraban coas marés vivas. Incluso habia unha parte de pradeiras onde o gando iba pacer.

Nas Enchousas botaba-se das terras a uns labregos que sempre as traballaron aplicando unha lei obsoleta de arrendamentos rústicos a favor dunha terceira persoa allea ao lugar.

En todos estes conflictos de diferentes protagonistas e procesos houbo, sen embargo, un mesmo denominador común: a participación de Moncho Valcarce en primeira fila, codo con codo cos labregos, enfrentando-se á forza pública, pacífica pero decididamente, impedindo a destrucción dun meio natural e as suas posibilidades de evolución e desenrolo desde si mesmo.

Detido todas as veces, golpeado no cuartel unha delas e pasado á xurisdicción militar várias, non só non desfaleceu nunca senon que saiu con mais folgos para continuar.

O imparábel Moncho, "o crego das Encrobas", levou unha vida de activismo pleno en todos os eidos nos que podia colaborar para conseguir unha Galiza mellor e mais nosa. Como sindicalista a través das Comisións Labregas. Como político militando no BNG. Como intelectual fomentando e impulsando a nosa cultura e idioma, sendo concellal de cultura durante catro anos no Concello de Culleredo. Como ecoloxista intervindo nas loitas contra os intentos de destrucción da nosa Terra, pertencendo tamén ao grupo ecoloxista "Niño de Azor" de As Pontes. Como crego reconvertindo as misas de Sésamo en auténticas asembleas de participación colectiva sobre problemas sentidos.

As Encrobas, Baldaio, As Enchousas, son alguns dos lugares emblemáticos nos que Moncho participou activamente suportando golpes, detencións, incomprensións do "establishment" eclesiástico, e rexeitamento da clase social á que por orixe pertencia.

Moncho Valcarce con veciños de As Encrobas e amigos na Romería de San Cosme en Sésamo.

Moncho finou o pasado dia 1 de Febreiro depois dun proceso de deterioro físico que tampouco puido coa sua lucidez mental, a sua alta moral e incluso a sua simpatia natural que mantivo até o último momento.

Foron meses tristes pero inolvidábeis para os amigos e familiares que os seguimos, porque Moncho axigantou-se ainda mais se cabe na sua condición de home comprometido co seu pobo e na sua fe de crego comprometido coas suas créncias relixiosas e fixo frente á morte coa mesma valentia e enteireza coa que lle fixo frente á vida.

Dixera, cando morra non digades a hora do enterro.

Dixera, cando morra cubride-me coa nosa bandeira.

Dixera, cando morra non poñades flores na miña tumba.

Moncho tiña medo a unha utilización folklórica e desvirtuadora dos seus sentimentos sinxelos e humildes no seu enterro.

Moncho queria entrar na Luz, coa que comentaba se atoparia unha vez pasado o túnel da morte, só co seu pobo simbolizado na bandeira que pediu que o acompañase.

Non voltaremos a ver a figura de Moncho, pero moitos de nós estamos seguros de que o seguiremos vendo reencarnado en todo aquelo que signifique liberdade, xustiza, amor e dignidade para o noso pobo e as nosas xentes.

Alí, sempre, sempre, Moncho estará presente.■

Ramón Múñiz é sociólogo; amigo persoal de Ramón Valcárcel, participou, entre outros, nos conflitos das Encrobas e Baldaio.